

## DOMINGO 2 DO ADVENTO (B)

**PRIMEIRA** Is 40, 1-5. 9-11

Prepárese o camiño do Señor

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Consolade, consolade o meu pobo: -díe o voso Deus. Faládelle ó corazón de Xerusalén; si, dicídelle ben alto que a súa milicia está cumprida, que a pena pola súa culpa está aceptada. Si, xa recibiu da man do Señor o dobre por tódolos seus pecados.

Unha voz clama: "No deserto preparádelo o camiño ó Señor. Endereitádelo na estepa a calzada ó noso Deus. Que todo val sexa levantado, que todo monte e outeiro sexa rebaixado; que a terra fragosa se volva unha chaira; e as ladeiras, un val achanzado.

Pois vaise revela-la gloria do Señor, e toda carne verá o Unico. Falou a boca do Señor". Sube a un monte alto, mensaxeira de Sión, levanta con forza a túa voz, mensaxeira de Xerusalén, levántaa, non teñas medo.

Dilles ás cidades de Xudá: "Velaí o noso Deus". Velaí o meu Señor Iavé que chega con poder; si, o seu brazo domina. Velaí a súa paga con el, o seu xornal diante del. Igual ca un pastor, pastorea o seu rabaño, recólleo co seu brazo, leva ós añaños no seo e protexe os que aínda maman.

**SAL. RESP. Sal 84, 9ab-10. 11-12. 13-14**

R/ (8): Móstranos, Señor, a túa misericordia, e dáno-la túa salvación

Escoitarei o que di o noso Deus:  
certamente o Señor fala de paz

A salvación está xa preto dos que o temen,  
a súa gloria habitará na nosa terra.

O amor e a fidelidade atoparanse,  
abrazaranse a xustiza e maila paz.

Na terra xermolará a fidelidade,  
a xustiza ollará desde o ceo.

O mesmo Señor dará os bens,  
a nosa terra dará os froitos.  
A xustiza irá dediante del,  
guiará os seus pés no camiño.

## **SEGUNDA 2 Pedr 3, 8-14**

Esperamos uns ceos novos e unha terra nova

### **PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA DE SAN PEDRO APÓSTOLO**

Meus amigos, que non vos esqueza unha cousa: que para o Señor un día élle coma mil anos; e mil anos sonlle coma un día. Non está retrasando Deus o cumprimento do que prometeu, aínda que algúns o crean así: o que pasa é que ten paciencia convosco, porque non quere que ninguén pereza senón que a todos lles dea tempo a se converteren.

Máis ben o día do Señor virá coma un ladrón: daquela os ceos desaparecerán con estrondo; os elementos disolveranse abrasados de calor; e a terra e tódalas obras que hai nela nin se atoparán.

Xa que todo isto se ha disolver desta maneira, ¡con que santo xeito e prácticas de piedade tedes que vivir mentres esperades e suspirades pola chegada do día de Deus! Porque é neste día cando os ceos incendiados se han disolver e os elementos abrasados de calor se han derreter. Pero nós, conforme á súa promesa, esperamos un ceo novo e unha terra nova, onde exista a xustiza.

Por iso, meus amigos, mentres agardades isto, collede a peito que El vos atope en paz, sen tacha nin defecto.

## **ALELUIA Lc 3, 4. 6:**

Preparate os camiños do Señor endereitade os seus carreiros; todos verán a salvación de Deus

## **EVANXEO Mc 1, 1-8**

Endereitade os carreiros do Señor

### PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Comezo do Evanxeo de Xesús Cristo, Fillo de Deus.

Como está escrito no profeta Isaías: Mira: mándoche por diante un mensaxeiro, para que prepare o teu camiño. Unha voz clama no deserto: preparade o camiño do Señor, endereitade os seus vieiros.

Presentouse Xoán no deserto bautizando: pregoando un bautismo de conversión, para logra-lo perdón dos pecados. E ía onda el xente de toda a provincia de Xudea e de Xerusalén; confesaban os seus pecados e el bautizábaos no río Xordán.

Xoán ía vestido con pelos de camelo e cun cinguidor de coiro arredor do van, e mantíñase de saltóns e mel bravo. E proclamaba: -Detrás miña está a chegar o que é máis forte ca min, ante quen non son digno de postrarme para lle desata-los mallós do seu calzado. Eu bautizo con auga, pero el havos bautizar con Espírito Santo.